



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-

Asunto: OEP Extraordinaria estabilización emprego temporal. Bases Xerais e Específicas: concurso-oposición. Técnico/a Minas de San Finx. Nova convocatoria tras quedar a deserta a convocatoria anterior

Expediente: 2024/E001/000024

M^a Teresa Villaverde Pais, Alcaldesa do Concello de Lousame, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente en materia de réxime local

Antecedentes Administrativos:

- 1.- Oferta Pública de Emprego Extraordinaria para a redución da temporalidade do emprego público, aprobada por Resolución de Alcaldía núm. 267 de data 23/05/2022 e publicada no Boletín Oficial da Provincia núm. 99 do 26/05/2022.
- 2.- Bases Xerais e Específicas que rexerán a convocatoria e os procesos selectivos para executar a Oferta de Emprego Público Extraordinaria para a redución da temporalidade no emprego público, de data 30/11/2022, polo procedemento de concurso-oposición (praza de Técnico/a Minas de San Finx, código 5112)
- 3.- Acta da Mesa Xeral de Negociación relativa ás Bases Xerais e Específicas, que tivo lugar o día 02.12.2022, na que os sindicatos e delegados de persoal que concorreron manifestaron o seu apoio á proposta da Alcaldía.
- 4.- Resolución da Alcaldía 726/2022 do 09/12/2022 que aproba a convocatoria daquela praza incluída na Oferta de Emprego Pública Extraordinaria na aplicación do artigo 2 da Lei 20/2021 (Técnico/a Minas San Finx). Do mesmo xeito aprobáronse as Bases Xerais e Específicas que rexerán a convocatoria e o proceso selectivo correspondente.
- 5.- O anuncio da convocatoria e as bases xerais e específicas para executar a OEP Extraordinaria (artigo 2 Lei 20/2021) foi publicada: na sede electrónica municipal, o día 09/12/2022; e no BOP núm. 236 do día 15/12/2022.
- 6.- O anuncio da convocatoria para executar a OEP Extraordinaria para a redución do emprego temporal (artigo 2 Lei 20/2021) foi publicada: no DOG 241 do 21/12/2022 e no BOE 311 do 28/12/2022.
- 7.- Resolución da Alcaldía núm. 426 do 04/07/2024 na que tras a celebración do correspondente proceso selectivo, acórdase declaralo deserto, por non existir ningún aspirante que superase a fase de oposición.
- 8.- O día 04/07/2024 apérturase un novo expediente electrónico (2024/E001/000024) no que se emite unha providencia de Alcaldía, nesa data, na que se dispón que: posto que xa foron negociadas, aplicar as mesmas Bases Xerais e específicas para executar a OEP extraordinaria para a redución do emprego temporal (artigo 2 Lei 20/2021) xa aprobadas mediante Resolución da Alcaldía 726/2022 do 09/12/2022.
- 9.- Informe da Secretaría-Intervención núm. 130 do 08/07/2024.

Fundamentos Xurídicos:

- 1.- A presente convocatoria enmárcase dentro do obxectivo de reducir a temporalidade no emprego público, seguindo o establecido na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, que autoriza unha convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

2.- O artigo 2 da Lei 20/2021, indica que “se autoriza unha taxa adicional para a estabilización de emprego temporal que incluíra as prazas de natureza estrutural que, estean ou non dentro das relacións de postos de traballo, plantillas ou outra forma de organización de recursos humanos que estean contempladas nas distintas Administracións Públicas e estando dotadas orzamentariamente, estivesen ocupadas de xeito temporal e ininterrompidamente alomenos nos tres anos anteriores ao 31 de decembro do 2020”.

3.- Conforme ao sinalado no artigo 2.2 da Lei 20/2021, “a publicación das convocatorias dos procesos selectivos para a cobertura das prazas incluídas nas ofertas de emprego público deberá producirse antes do 31 de decembro de 2022”. A publicación desta convocatoria tivo lugar: na sede electrónica municipal, o día 09/12/2022; no BOP núm. 236 do día 15/12/2022; no DOG 241 do 21/12/2022 e no BOE 311 do 28/12/2022.

4.- Ao quedar deserta esa primeira convocatoria e ao estar aínda vixente a Oferta de Emprego Público Extraordinaria para a redución da temporalidade do emprego público, é posible efectuar unha nova convocatoria para a cobertura definitiva do posto.

5.- Os criterios xerais de desenvolvemento do proceso selectivo, foron negociados coas organizacións sindicais que contan con representación nos órganos unitarios de representación do persoal da entidade, aprobándose na Mesa Xeral de Negociación do 02.12.2022.

Á vista dos antecedentes e fundamentos expostos, no cumprimento do sinalado no art. 2, da Lei 20/2021 e do disposto no art. 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril

RESOLVO:

PRIMEIRO: Convocar o procedemento selectivo para o ingreso na praza incluída na Oferta de Emprego Público Extraordinaria para a redución da temporalidade no emprego público que a continuación se sinala, acceso libre, polo sistema de concurso-oposición:

Persoal Laboral

Denominación	Natureza	Número	Grupo/Subgrupo	Xornada	Código RPT	Quenda/ Acceso
Técnico/a Minas San Finx	Laboral Fixa Discontinua	1	II: A2	Completa	5112	Libre / Concurso-oposición (artigo 2 Lei 20/2021)

SEGUNDO: Aprobar a aplicación das Bases Xerais e Específicas que regularán o proceso selectivo para o acceso á praza sinalada no punto primeiro, aprobadas por Resolución da Alcaldía 726/2022 do 09/12/2022, e que se recollen como Anexo a esta Resolución.

TERCEIRO: Ordenar a publicación da presente convocatoria, Bases Xerais e Específicas na sede electrónica e no Boletín Oficial da Provincia, enviando extracto da convocatoria ao Diario Oficial de Galicia (DOG) e ao Boletín Oficial do Estado (BOE).

CUARTO: Realizar cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este proceso selectivo con anterioridade ao 31.12.2024, tal e como sinala o artigo 2 da Lei 20/2021.

Asinado en Lousame, por medios electrónicos, pola Alcaldesa, M^a Teresa Villaverde Pais; do que eu, Paula Ares Otero, como secretaria e para os únicos efectos de fe pública, dou fe (R.D.128/2018, do 16 de marzo).





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

BASES XERAIS E ESPECÍFICAS QUE REXERÁN A CONVOCATORIA E O PROCESO DE ESTABILIZACIÓN

BASE 1: OBXECTO DA CONVOCATORIA E RÉXIME XURÍDICO.

É obxecto das presentes bases a regulación da convocatoria e proceso de selección de persoal laboral fixo-discontinuo, mediante o procedemento de estabilización de emprego temporal da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, dentro do marco xeral de execución da Oferta Pública de Emprego Extraordinaria, aprobada por Resolución de Alcaldía núm. 267 de data 23/05/2022 e publicada no Boletín Oficial da Provincia núm. 99 do 26/05/2022.

As especialidades do proceso selectivo (natureza e características do posto, requisitos de titulación, etcétera) serán obxecto de regulación nas bases específicas, que figurarán como anexo ás Bases Xerais.

A normativa aplicable á convocatoria e proceso de selección é a seguinte:

- Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público (BOE núm. 312, do 29 de decembro de 2021)
- Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro (BOE núm. 261, do 31 de outubro de 2015)
- Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado polo Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril (BOE núm. 96, do 22 de abril de 1986)
- Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local (BOE núm. 80 do 3 de abril de 1985)
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes (BOE núm. 71, do 23 de marzo de 2007)
- Resolución da Secretaría de Estado da función pública sobre as orientacións para a posta en marcha dos procesos de estabilización derivados da Lei 20/2021, do 28 de decembro.
- E disposicións concordantes.

BASE 2: ÁMBITO DE APLICACIÓN

Estas bases xerais rexerán o proceso selectivo que se convoque, con carácter excepcional, polo sistema de concurso-oposición, para cubrir as prazas vacantes no cadro de persoal laboral do Concello de Lousame incluídas no suposto do artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro (estabilización de emprego temporal de longa duración); e todo isto na execución da Oferta de Emprego Público extraordinaria, aprobada por Resolución de Alcaldía núm. 267 de data 23/05/2022 e publicada no Boletín Oficial da Provincia núm. 99 do 26/05/2022.

O proceso selectivo estará rexido, igualmente, polo establecido nas correspondentes bases específicas e convocatorias.

Así, o número de prazas vacantes, a súa denominación e características relaciónanse a continuación:

Persoal Laboral:

Denominación	Natureza	Número	Grupo/Subgrupo	Xornada	Código RPT	Quenda/Provisión
Técnico/a Minas San Finx	Laboral Fixa Discontinua	1	II: A2	Completa	5112	Libre / Concurso-oposición (artigo 2 Lei 20/2021)

BASE 3: PUBLICIDADE

As bases íntegras (xerais e específicas) publicaranse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no Taboleiro da sede electrónica do Concello de Lousame (<https://sede.lousame.es/opencms/es/informacion/>), inseríndose un extracto da convocatoria no Boletín Oficial do Estado e no Diario Oficial de Galicia.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Os anuncios sucesivos durante o desenvolvemento do proceso selectivo (listaxe de admitidos/as, nomeamento e convocatoria do tribunal, etcétera) serán obxecto de publicación no Taboleiro da sede electrónica do Concello de Lousame (<https://sede.lousame.es/opencms/es/informacion/>).

Os anuncios relativos aos nomeamentos finais serán publicados na sede electrónica, Boletín Oficial da Provincia e Diario Oficial de Galicia.

BASE 4: REQUISITOS DE ADMISIÓN DE ASPIRANTES

1. Con carácter xeral, para ser admitidas nos procesos selectivos, as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, de acordo co establecido no artigo 56 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, sen prexuízo do que establezan as respectivas bases específicas de cada convocatoria:

a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais da praza a estabilizar.

c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Posuír a titulación esixida, isto é, posuír ou estar en condicións de obter o día que remate o prazo de presentación de instancias, a titulación esixida nas bases específicas que rexan cada convocatoria. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da correspondente validación ou credencial que acredite a homologación, certificada pola Administración competente.

Tamén será necesario:

f) Ter ingresado na conta bancaria do Concello de Lousame a cantidade fixada como dereitos de exame, de conformidade coa base 6.^a das presentes bases.

g) Estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de solicitudes, do título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega correspondente a cada praza a estabilizar (CELGA ou equivalente), que se concretará nas bases específicas.

En todo caso, e con arranxo ao previsto no artigo 51.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, as persoas aspirantes que non acrediten o dito coñecemento da lingua galega, deberán realizar unha proba específica de coñecemento de lingua galega que en ningún caso computará como mérito. A proba cualificarase como apta ou non apta. No caso de que esta proba de coñecemento, non puntuable, sexa cualificada como non apta, a persoa candidata será excluída do proceso de selección.

h) Cumprir os demais requisitos esixidos para o ingreso nas respectivas bases específicas.

2. Todos os requisitos sinalados no apartado anterior deberán posuílos as persoas aspirantes o día que remate o prazo para presentar as solicitudes e conservalos durante todo o proceso selectivo.

BASE 5: FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

As solicitudes, requirindo tomar parte no correspondente proceso selectivo, nas que as persoas aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases xerais para a praza que se opte, dirixiranse á Sra. Alcadesa-





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Presidenta do Concello de Lousame, e presentarase no Rexistro Electrónico Xeral deste Concello ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, no prazo de vinte días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

Xunto coa instancia debidamente asinada (anexo I), solicitando participar no proceso selectivo deberá presentarse a seguinte documentación na orde que se indica:

- Documento nacional de identidade, pasaporte, tarxeta acreditativa da súa identidade, expedida polas autoridades competentes no caso de cidadáns comunitarios ou documento válido en dereito que a acredite.
- Título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega correspondente á praza á que se aspire.
- Titulación esixida para a praza nas bases específicas. No caso de equivalencia ou homologación de titulacións deberá xustificarse co certificado expedido polo organismo competente para establecelas.
- Relación de méritos alegados para a súa valoración. Deberán achegarse debidamente numerados e diferenciados por apartados (experiencia profesional, titulacións académicas, cursos de formación ou perfeccionamento, outros méritos). Non serán valorados os méritos non documentados nin xustificadas no prazo e forma anteriormente mencionados, sen prexuízo de que o órgano de selección poida solicitar a ampliación da documentación se considera que un mérito non se encontra correctamente acreditado. No devandito concurso só se terán en conta os méritos que se xustifiquen documentalmentemente dentro do prazo de presentación de instancias.
- Xustificante ou copia do documento acreditativo da transferencia ou ingreso na conta bancaria do Concello de Lousame da taxa por dereitos de exame.

As copias que se acheguen non será necesario que sexan compulsadas, bastará a declaración responsable da persoa interesada sobre a autenticidade dos documentos así como dos datos que figuran na instancia, sen prexuízo de que o Tribunal ou órgano competente do Concello poidan requirir que os aspirantes acrediten a veracidade das circunstancias ou documentos aportados, que fosen obxecto de valoración.

Coa presentación de instancias entenderase que as persoas aspirantes aceptan e acatan as bases xerais e específicas das convocatorias.

Os datos persoais incluídos na solicitude de participación serán tratados unicamente para a xestión do proceso selectivo, é dicir para a práctica das probas de selección e as comunicacións que deban realizarse. Cando sexa necesario publicar un acto administrativo que conteña datos persoais publicarase da forma que determina a disposición adicional sétima da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. O Concello será o responsable do tratamento destes datos.

BASE 6: DEREITOS DE EXAME

1. Será requisito necesario, para poder participar nos procesos selectivos de estabilización, aboar, dentro do prazo de presentación de instancias, as taxas pola inscrición nas probas selectivas convocadas, segundo o establecido na Ordenanza Fiscal do Concello de Lousame reguladora da taxa (BOP núm. 206 do 23/10/2022), en función do grupo de clasificación da praza convocada.

Deste xeito, o importe a aboar será o seguinte:

Denominación	Número	Grupo/Subgrupo	Código RPT	Taxa por dereitos de exame
Técnico/a Minas San Finx	1	II: A2	5112	20,00 €

2. A persoa solicitante aportará xunto coa súa instancia, a copia do documento de transferencia ou ingreso.

3. A conta na que se poderá realizar o ingreso é a seguinte: ES90 2080 0381 0831 1000 0090.

No concepto da transferencia debe indicarse o nome do aspirante, así coma o proceso no que participa.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Tamén se pode efectuar o pagamento a través da Oficina Virtual Tributaria do Concello de Lousame (https://sede.lousame.es/opencms/es/sobrelasede/oficina_virtual/).

4. En ningún caso a mera presentación e o pagamento dos dereitos de exame suporá substituír o trámite de presentación en tempo e forma da solicitude, segundo o disposto na base quinta.

5. Non se admitirá o pagamento da taxa fóra do prazo de presentación de solicitudes. A falla de pagamento da taxa no prazo anterior, determinará a inadmisión do aspirante nas probas selectivas, de tal xeito que xa non se terá en conta a súa solicitude para a formación da listaxe provisional de admitidos e excluídos.

6. Se o suxeito pasivo é unha das persoas ás que se refire o artigo 5.2 da Ordenanza Fiscal da Taxa por dereitos de exame, deberá achegar a documentación que no mesmo se indica (BOP núm. 206 do 23/10/2022)

BASE 7: ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Expirado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución no prazo máximo dun mes, declarando aprobada a lista provisional de persoas admitidas e excluídas.

No caso de non existir aspirantes excluídos, poderase elevar a definitiva a listaxe provisional na mesma resolución, dando inicio ao proceso selectivo.

Na devandita resolución, que se publicará na sede electrónica do Concello de Lousame, sinalarase un prazo de 5 días hábiles para a emenda da documentación presentada.

A falla de pagamento da taxa no prazo de presentación de instancias, determinará a inadmisión do aspirante nas probas selectivas, de tal xeito que xa non se terá en conta a súa solicitude para a formación da listaxe provisional de admitidos e excluídos.

Transcorrido o prazo de emenda, a Alcaldía aprobará a lista definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas, que se publicará na sede electrónica do Concello de Lousame.

Igualmente, na mesma resolución, farase constar a designación nominal do Tribunal e, o lugar, data e hora de constitución deste para o desenvolvemento do proceso selectivo.

O feito de figurar incluído na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza ós interesados posuíren os requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberán ser xustificadas documentalmente no suposto de que os aspirantes admitidos superen as probas selectivas.

Contra a Resolución da Alcaldía aprobando a lista definitiva poderán interpoñerse, alternativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes dende o día seguinte ao da publicación, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do contencioso administrativo de A Coruña no prazo de dous meses, segundo os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro (LPACAP) e o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición contencioso-administrativa. Todo isto, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro recurso que estimen oportuno.

BASE 8: TRIBUNAL CUALIFICADOR

Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, así mesmo, á paridade entre muller e home.

O persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

O número dos membros dos tribunais nunca será inferior a cinco. Así mesmo, a súa composición será predominantemente técnica e os/as vogais deberán posuír titulación ou especialización iguais ou superiores ás esixidas para o acceso ás prazas convocadas.

O Tribunal poderá dispor a incorporación ao seu labor no proceso selectivo de asesores especialistas, para aqueles aspectos concretos do proceso selectivo debido á especialización técnica do traballo a realizar. A súa función circunscríbese a un mero asesoramento, é dicir actúan con voz, pero sen voto, non participan na toma de decisións do Tribunal. Os asesores deberán gardar sxiilo e confidencialidade acerca dos datos e asuntos sobre os que teñan coñecemento a consecuencia da súa colaboración no Tribunal.

O Tribunal poderá designar persoal colaborador para o desenvolvemento do proceso de selección, que actuará baixo a súa dirección, cando a complexidade do dito proceso selectivo o aconselle.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Así mesmo, os/as interesados poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 24 da citada norma.

O tribunal cualificador deberá constituírse na data que determine a Alcaldía para cada un dos procesos selectivos convocados, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros de cada tribunal, titulares ou suplentes.

Para os efectos de percepción de indemnizacións por asistencia como membros dos tribunais, estes terán a categoría que lles corresponda, segundo o establecido no Real Decreto 462/2002, do 24 de marzo.

Contra os acordos do tribunal poderá interpoñerse recurso administrativo de alzada ante o órgano que o nomeou, segundo o artigo 121 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento común das Administracións Públicas.

BASE 9: SISTEMAS DE SELECCIÓN E DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS

O proceso de selección realizarase, tal e como establece o artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, polo sistema de concurso-oposición.

Do mesmo xeito, terase en conta as orientacións contidas na *Resolución da Secretaría de Estado da función pública sobre as orientacións para a posta en marcha dos procesos de estabilización derivados da Lei 20/2021, do 28 de decembro*.

A puntuación máxima será de 100 puntos, distribuída do seguinte xeito:

- Fase de oposición: 60 puntos; sendo necesario acadar 30 puntos para superala.
- Fase de concurso: 40 puntos.

9.1 **Fase de Oposición**

(máximo de 60 puntos, sendo necesario acadar 30 puntos para superala)

O número de aprobados na fase de oposición, estará constituído polo número de aspirantes que teñan superado a fase de oposición, aínda cando esa cifra exceda ao do número total de prazas a cubrir (unha praza). Para poder superar a fase de oposición é preciso obter 30 puntos, así como acreditar o coñecemento da lingua galega.

A fase de oposición consistirá na realización dunha proba, composta de dúas partes (tipo test e exame escrito). Cada unha desas partes será puntuada de 0 a 30 puntos. A puntuación que lle corresponderá a cada aspirante, na fase de oposición, será o sumatorio das puntuacións obtidas en cada parte do exame. Para superar a fase de oposición, é preciso obter un mínimo de 30 puntos.

A duración total da proba (tipo test e exame escrito) será de 150 minutos; podendo os aspirantes distribuír o tempo na súa realización, como mellor lles conveña.

9.1.1 **Primeira parte do exame (tipo test)**





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

O seu obxecto é a comprobación dos coñecementos teóricos dos aspirantes. Consistirá nunha proba escrita de tipoloxía test que versará sobre o temario que se recolle no Anexo II destas Bases.

O cuestionario estará formado por 60 preguntas tipo test, con catro respostas posibles das que só unha delas será correcta.

A puntuación máxima que se pode obter no cuestionario tipo test son 30 puntos, a razón de 0,5 puntos por resposta correcta. Cada resposta incorrecta, restará 0,25 puntos. As respostas en branco non descontarán puntuación.

9.1.2 Segunda parte do exame (proba escrita)

O seu obxecto é a comprobación dos coñecementos teóricos e prácticos dos aspirantes.

Consistirá nunha proba escrita, na que os aspirantes teñen que amosar os coñecementos teóricos e prácticos nos campos da xestión de espazos museísticos, patrimoniais e/ou posta en valor e divulgación do Centro de Interpretación das Minas de San Finx.

O exame estará formado por unha ou varias preguntas, a criterio do Tribunal cualificador. A puntuación máxima que se pode obter no exame escrito son 30 puntos.

Acreditación do coñecemento da lingua galega

As persoas aspirantes deberán posuír o título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega corresponde á praza a estabilizar (segundo o regulado nas Bases Específicas)

En todo caso, e con arranxo ao previsto no artigo 51.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, as persoas aspirantes que non acrediten o dito coñecemento da lingua galega, deberán realizar unha proba específica de coñecemento de lingua galega que en ningún caso computará como mérito.

Esta proba só será realizada por aqueles aspirantes que tendo acadado un mínimo de 30 puntos na fase de oposición, non acreditan estar na posesión do título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega corresponde á praza a estabilizar (segundo o regulado nas Bases Específicas).

A proba cualificarase como apta ou non apta. No caso de que esta proba de coñecemento, non puntuable, sexa cualificada como non apta, a persoa candidata será excluída do proceso de selección.

9.2 Fase de Concurso **(máximo de 40 puntos)**

A puntuación total da fase do concurso (40 puntos) será distribuída do seguinte xeito:

- Experiencia profesional: 30 puntos (75 % da puntuación total do concurso)
- Formación: 10 puntos (25 % da puntuación total do concurso)

9.2.1 Experiencia profesional (máximo de 30 puntos)

Valoraranse os servizos efectivos prestados, até a data de publicación no BOE de cada convocatoria, conforme ao seguinte baremo:

Servizos prestados en Administracións Locais (por calquera tipoloxía de vínculo funcional ou laboral) en prazas iguais ou equivalentes á que se opta	0,80 puntos/ mes completo, até 30 puntos
Servizos prestados en Administracións Locais (por calquera tipoloxía de vínculo funcional ou laboral) en prazas diferentes á que se opta	0,40 puntos/ mes completo, até 30 puntos
Servizos prestados noutras Administracións Públicas diferentes á local (por	0,50 puntos /





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

calquera tipoloxía de vínculo funcional ou laboral) en prazas iguais ou equivalentes á que se opta	mes completo, até 30 puntos
Servizos prestados no resto do sector público (por calquera tipoloxía de vínculo funcional ou laboral) en prazas iguais ou equivalentes á que se opta	0,30 puntos / mes completo, até 30 puntos.

Aplicaranse as seguintes normas de valoración:

1. Calcularase o número total de días correspondentes aos distintos nomeamentos ou contratos computables. Dividiranse entre trinta (30) e multiplicaranse por 0,80 / 0,50 / 0,40 / 0,30, segundo corresponda. De tal xeito, que unicamente se valorará a ratio enteira, depreciándose os decimais.
2. No caso de servizos prestados en xornadas inferiores á completa, serán valorados proporcionalmente á xornada prestada. A título de exemplo:

Se o mes completo, a xornada completa: 0,80 puntos.
Mes completo a xornada parcial (50%): 1 x (50% de 0,80)= 0,40 puntos.
Mes completo a xornada parcial (30%): 1 x (30% de 0,80) = 0,24 puntos.
3. A puntuación global máxima neste apartado será 30 puntos. Sen embargo, e aos efectos de aplicar os criterios de desempate, o Tribunal determinará a puntuación real que lle correspondería a cada aspirante no baremo anterior, no caso de non existir un tope á puntuación asignada á experiencia profesional.
4. Non computarán os servizos prestados en réxime de persoal eventual. Non se computarán os servizos prestados simultaneamente con outros igualmente alegados.
5. A definición do que se entende por Administración Local, Administracións Públicas diferentes á local e resto do Sector Público, ven determinada polo artigo 2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e artigo 3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.
6. Forma de acreditación: Deberán achegarse conxuntamente os seguintes documentos:
 - a. Informe de vida laboral actualizado e
 - b. Certificación da Administración Pública ou entidade do Sector Público, expedida pola Secretaría ou órgano competente da entidade, na que se fará constar: Administración ou entidade contratante, vínculo ou réxime xurídico, denominación, grupo/categoría/posto, data de inicio e, no seu caso, finalización da vinculación. No caso de non existir data de finalización da vinculación, valoraranse os servizos efectivos prestados, até a data de publicación no BOE de cada convocatoria (ou data de emisión do certificado se é anterior á publicación no BOE da convocatoria)
7. A documentación acreditativa dos servizos realizados deberá achegarse antes do remate do prazo de presentación de solicitudes. A documentación que se presente fóra deste prazo, será considerada "achega de nova documentación fóra de prazo" e non será tida en conta.

9.2 Formación (máximo de 10 puntos)

Valoraranse a formación das persoas aspirantes, conforme ao seguinte baremo:

Posesión de titulacións académicas ou profesionais oficiais de nivel igual ou superior e distintas á titulación requirida para o acceso á praza á que se opta	5 puntos por cada titulación oficial, até un máximo de 10 puntos.
Cursos de formación (recibidos ou impartidos), expedidos, homologados ou acreditados até a data da publicación da convocatoria no BOE, impartidos ou homologados pola Comisión de formación continua do Ministerio de AAPP, pola mesma comisión autonómica, por Administracións, organismos públicos e Universidades; así como os cursos impartidos polos colexios profesionais que versen sobre	0,05 puntos por cada hora impartida/recibida do curso de formación; até un máximo de 10 puntos.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

materias propias da súa especialidade.	
Por ter superado algún dos exercicios para o acceso (como funcionario de carreira ou laboral fixo) á praza á que se opta	2 puntos por cada proba superada; até un máximo de 10 puntos.

Aplicaranse as seguintes normas de valoración:

1. A acreditación de titulacións académicas oficiais, realizarase mediante a achega do título, diploma ou resgardo de ter satisfeito os dereitos para a súa expedición, ou mediante certificación da expedida pola Secretaría da Universidade ou Administración Pública correspondente.
2. A acreditación da realización dos cursos realizarase mediante a copia simple dos títulos, diplomas ou certificados de superación dos cursos. Non se valorarán os cursos non acreditados, ou nos que non consten as datas de realización nin as horas de duración.

Non se valorará a asistencia a asembleas, xornadas, congresos, conferencias, seminarios, materias que formen parte dunha titulación académica, módulos dun curso, simposios ou similares.

Os cursos deben versar directa ou indirectamente sobre materias relacionadas coa praza á que se opta, co réxime local ou versar sobre materias de carácter transversal (igualdade de xénero, transparencia, protección de datos, informática, administración electrónica...). Se o curso forma parte dun Programa de formación dirixido aos empregados da Administración Local, enténdese que teñen relación directa ou indirecta coas súas funcións.

3. A acreditación da superación dalgún exercicio para o acceso como funcionario de carreira ou laboral fixo á praza á que se opta, realizarase mediante certificación da Administración Pública convocante.
4. A documentación acreditativa da formación deberá achegarse antes do remate do prazo de presentación de solicitudes. A documentación que se presente fóra deste prazo, será considerada "achega de nova documentación fóra de prazo" e non será tida en conta.

BASE 10: RELACIÓN DE PERSOAS PROPOSTAS PARA A OBTENCIÓN DUNHA PRAZA

1. Rematada a valoración dos méritos, o Tribunal publicará, na sede electrónica do Concello de Lousame, a puntuación provisional que acadou cada aspirante no conxunto do proceso selectivo.

De ser necesario, aplicará os criterios de desempate regulados na Base núm. 11.

Os aspirantes disporán dun prazo de dez días hábiles, contados dende o día seguinte á publicación das valoracións, para formular alegacións.

2. Finalizado o trámite anterior, e consideradas as reclamacións presentadas, o Tribunal efectuará a proposta da persoa aspirante para a obtención da praza obxecto de estabilización.

O Tribunal non poderá en ningún caso aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao das prazas convocadas. Calquera proposta do Tribunal que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito.

3. Finalizado o concurso-oposición e aplicados (de ser necesarios) os criterios de desempate o Tribunal efectuará á Alcaldía a proposta definitiva da persoa aspirante para a obtención da praza obxecto de estabilización. Esta proposta definitiva será obxecto de publicación na sede electrónica do Concello de Lousame.

BASE 11: CRITERIOS DE DESEMPATE

No suposto de empate nas puntuacións totais finais de dous ou máis aspirantes, este empate resolverase tendo en conta os seguintes criterios, na seguinte orde e sucesivamente:

- 1º.- Terá prioridade, o aspirante que obtivera máis puntuación na fase de oposición.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

2º.- De persistir o empate, terá prioridade o aspirante que obtivera máis puntuación, no mérito experiencia profesional, no posto obxecto de convocatoria na Administración convocante (Concello de Lousame)

3º.- De persistir o empate, terá prioridade o aspirante que acumule unha maior valoración na experiencia profesional en prazas iguais ou equivalente á que se opta, noutras Administracións locais.

4º De persistir o empate, terá prioridade o aspirante que acumule unha maior valoración na experiencia profesional en prazas iguais ou equivalente á que se opta, no resto de Administracións Públicas ou sector público.

5º De persistir o empate, terá prioridade o aspirante que obtivera máis puntuación, no mérito formación: "Cursos de formación recibidos ou impartidos"

6º De persistir o empate, terá prioridade a persoa de maior idade.

A data que servirá de referencia para a aplicación destes criterios, será a data de publicación no BOE desta convocatoria.

BASE 12: ACREDITACIÓN DOS REQUISITOS DA CONVOCATORIA E NOMEAMENTO

Finalizado o concurso-oposición, o Tribunal efectuará á Alcaldía, a proposta definitiva da persoa aspirante para a obtención da praza obxecto de estabilización. Esta proposta definitiva será obxecto de publicación na sede electrónica do Concello de Lousame.

A proposta do Tribunal ten carácter vinculante para a Alcaldía.

A persoa proposta para a obtención da praza debe achegar, no prazo de 20 días naturais, dende a publicación na sede electrónica do Concello de Lousame a seguinte documentación:

- DNI ou calquera outro documento acreditativo da nacionalidade co alcance establecido no artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015 , do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto.
- Declaración xurada de non ter sito separado do servizo das Administracións Públicas nos termos sinalados na Base Xeral 4; e non estar incurso en algunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- Orixinal ou copia cotexada da titulación esixida nas Bases Específicas da convocatoria.
- Orixinal ou copia cotexada do documento acreditativo do coñecemento da lingua galega, que o eximiu de realizar as probas de coñecemento da mesma.
- Orixinal ou copia cotexada dos méritos alegados.
- Orixinal ou copia cotexada dos restantes requisitos esixidos nas Bases Específicas da convocatoria.

A persoa que dentro do prazo indicado (salvo casos de forza maior) non presentase a documentación ou desta se deducise que carece dalgún dos requisitos esixidos nas Bases Xerais e Específicas, no poderá ser nomeada, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidese incurrir por falsidade na súa solicitude de participación.

Co fin de asegurar a cobertura da vacante, aos efectos do disposto no artigo 61.8 do Real Decreto Lexislativo 5/2015 , do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, o Tribunal para os supostos de falta de presentación de documentos, falsidade, falta de toma de posesión ou contratación, renuncia ou falta de acreditación dos requisitos e condicións esixidas, realizará unha relación complementaria das persoas aspirantes que sigan á proposta, por orde de puntuación. No caso de darse estes supostos, outorgarase un novo prazo de 20 días naturais, para que o seguinte aspirante por orde de puntuación achegue a documentación correspondente para proceder ao nomeamento ou contratación.

Concluído o proceso selectivo, e achegada a documentación necesaria, os aspirantes seleccionados, cun número que non poderá exceder en ningún caso ao dos postos convocados, serán nomeados pola Alcaldía como persoal como persoal laboral fixo discontinuo. Ordenarase a publicación dos nomeamentos no Boletín Oficial da Provincia e Diario Oficial de Galicia.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

BASE 13: INCOMPATIBILIDADES

Os aspirantes nomeados quedarán suxeitos ao cumprimento das prescricións contidas na Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas e demais normativa aplicable.

BASE 14: RECURSOS

Contra estas bases que poñen fin á vía administrativa e cantos actos administrativos deriven das mesmas, os interesados poderán interpoñer, alternativamente, o recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes dende a súa publicación ou notificación, ante a alcaldía, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro (LPACAP), ou recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación ou da notificación da resolución do recurso de reposición ou da data en que este se entenda desestimado, ante o Xulgado do contencioso administrativo de A Coruña, de conformidade co art.46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Todo isto sen prexuízo do dereito dos interesados a formular calquera outro recurso que se considere pertinente.

ANEXO I: MODELO DE SOLICITUDE

DATOS DA CONVOCATORIA	
PROCESO SELECTIVO	OE-ESTABILIZACIÓN LEI 20/2021 – CONCURSO - OPOSICIÓN
DENOMINACIÓN PRAZA	Técnico/a Minas San Finx
DATA PUBLICACIÓN BOP	
DATOS PERSOA ASPIRANTE	
NOME	
PRIMEIRO APELIDO	
SEGUNDO APELIDO	
DNI	
DATOS CONTACTO E NOTIFICACIÓN	
NOME DE VÍA	
NÚMERO	
PISO	
PORTA	
CONCELLO	
CÓDIGO POSTAL	
PROVINCIA	
PAÍS	
TELÉFONO FIXO/MÓBIL	
ENDEREZO ELECTRÓNICO	
REQUISITOS PARTICIPACIÓN	
TITULACIÓN ACADÉMICA OFICIAL ESIXIDA, NO SEU CASO, NAS BASES ESPECÍFICAS	
OUTROS REQUISITOS ESIXIDOS, NO SEU CASO, NAS BASES ESPECÍFICAS	
NIVEL DE GALEGO ESIXIDO NAS BASES	





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

ESPECÍFICAS		
TAXA ABOADA		
RELACIÓN DE MÉRITOS. Deberán relacionarse os méritos que se queiran facer constar para o concurso		
As acreditacións documentais dos méritos terán que incorporarse á presente solicitude .		
A) EXPERIENCIA PROFESIONAL		
DENOMINACIÓN PRAZA/POSTO/EMPREGO	Entidade contratante	PERIODO SERVIZOS
B) FORMACIÓN		
Titulacións académicas (iguais ou superiores) diferentes á requirida para o acceso		
DENOMINACIÓN ACCIÓN FORMATIVA	ENTIDADE QUE A IMPARTIU	HORAS
Por ter superado algún dos exercicios para o acceso (como funcionario de carreira ou laboral fixo) á praza á que se opta		
PROCESO SELECTIVO PRAZA/POSTO/EMPREGO	Administración convocante	Exercicios superados





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

DOCUMENTOS QUE SE ACHEGAN Á SOLICITUDE		Marcar cun X
Acreditación dos méritos relacionados na solicitude		
Titulación académica oficial esixida nas bases específicas		
Outros requisitos que se esixan, no seu caso, nas bases específicas		
Certificado do nivel de galego esixido nas bases específicas		
Acreditación da nacionalidade (DNI, pasaporte, tarxeta de residencia)		
Xustificante do pago da taxa establecida nas bases xerais ou, no seu caso, dos documentos esixidos para aplicar a redución do 100% (<i>certificado de desemprego emitido polo INE ou Servizo autonómico que corresponda, no que se acredite figurar como demandante de emprego cunha antigüidade mínima de 6 meses, referida á data da publicación da convocatoria</i>)		

SOLICITO que se admita a presente instancia para poder participar no procedemento selectivo e **DECLARO** que os datos consignados nesta solicitude son certos e que estou en condicións de acreditarlos e que reúno todos os requisitos esixidos nas bases que rexen a convocatoria para ser admitido/a .

ACEPTO, baixo a miña única responsabilidade, na súa totalidade e sométome ás Bases Xerais e Específicas do concurso-oposición.

AUTORIZO expresamente ao Concello de Lousame que inclúa os meus datos nun ficheiro automático para fin exclusivo do proceso selectivo no que solicito participar.

....., a de de

Sinatura da persoa solicitante

Sra. Alcaldesa-Presidenta do Concello de Lousame

ANEXO II: TEMARIO

1. A Constitución española de 1978. Estrutura e principios xerais. Dereitos e deberes fundamentais dos españois.
2. O procedemento administrativo común: concepto, principios xerais, fases e terminación do procedemento.
3. O procedemento administrativo. Os dereitos e deberes dos administrados. Os interesados.
4. A función pública local. Concepto e clases de persoal ó servizo das entidades locais: funcionarios, persoal eventual e persoal laboral.
5. Os dereitos e deberes de persoal ao servizo das Administracións Públicas.
6. O réxime local español: Principios constitucionais. As entidades locais. O municipio e a provincia.
7. Funcionamento dos órganos colexiados locais. Réxime de sesións e acordos. Actas e certificacións de acordos.
8. A organización municipal. O concello. Órganos básicos: Alcalde e Tenentes de Alcalde, Pleno e Xunta de Goberno Local. As competencias municipais, con especial referencia os ámbitos cultural, educativo e turístico.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

9. Seguridade e saúde no traballo: a Lei de prevención de riscos laborais. Procedementos e medios de seguridade e saúde no traballo. Dereitos e obrigas dos traballadores en materia de prevención de riscos laborais.
10. A Lei para a defensa dos consumidores e os usuarios e o Estatuto galego do consumidor e usuario. O sistema arbitral.
11. O produto turístico. Concepto e características. Xestión, ciclo de vida do produto e a súa viabilidade. A marca e o produto. Inventario de recursos turísticos. Valoración e aproveitamento dos recursos turísticos. Produtos turísticos da provincia da Coruña.
12. Calidade e satisfacción no sector turístico. Concepto e modelos de calidade.
13. Xestión da calidade en empresas e destinos turísticos. Imaxe de marca dun destino turístico. Creación da marca. Tipos marca – destino.
14. A comunicación turística. A publicidade e os medios publicitarios. A utilización de internet na comunicación e na publicidade. Marketing dun destino a través do ciberespazo: webs.
15. A sinalización turística. Obxectivos, principios e estrutura organizativa. Tipos de carteis turísticos.
16. Dinamización de oficinas de turismo. Análise. Diagnóstico. Estratexias de actuación. 17. A lei do turismo en Galicia: estrutura e contido. Obxecto e suxeitos da lei. Ordenación da oferta turística: principios xerais para o exercicio das actividades turísticas.
18. Os aloxamentos turísticos. Os hoteis, os aloxamentos turísticos extrahoteleiros. Ordenación dos establecementos hoteleiros e campamentos públicos en Galicia.
19. Servizos de guías turísticos. Relación coas empresas, entidades e profesionais do sector.
20. Programación de itinerarios turísticos. Viabilidade dos recursos turísticos do contorno para efectos de programar itinerarios. Técnicas de programación de itinerarios turísticos.
21. O turismo no medio rural. Aproximación conceptual. Tipoloxías de aloxamento turístico rural.
22. Xestión e demanda de espazos naturais. Plans de ordenación dos recursos naturais. Espazos naturais protexidos en Lousame e Ría de Muros-Noia. Categorías.
23. O mercado español do ecoturismo. Tipoloxías e destinos. O consumidor ecoturístico. Canles de comercialización.
24. Termalismo. Orixe, evolución e potencialidades do turismo de saúde. O club de produto vilas termais.
25. Os espazos turísticos litorais. Produtos turísticos relacionados. O Turismo náutico. A importancia do turismo náutico en Galicia. Portos deportivos da provincia da Coruña.
26. Festas declaradas de interese turístico. Principais festas e eventos da provincia da Coruña e a súa influencia na desestacionalización do turismo.
27. A oferta turística gastronómica: eventos de exaltación gastronómica na provincia da Coruña. Denominacións de orixe.
28. Concellos declarados de interese turístico na provincia da Coruña. Plans de dinamización e de excelencia turística.
29. Planificación e organización de feiras e eventos turísticos. Obxectivos e prospección do mercado. Pre-feira, feira e postfeira.
30. A acción social do turismo. Impactos negativos e positivos do turismo nos ámbitos económico e sociocultural. A súa contribución pola mellora da situación no plano público e privado.
31. Turismo e deporte. Tendencias actuais e futuras. Impacto socio-económico. Colaboración pública e privada. Mecanismos de innovación. Xestión do marketing. A actuación das empresas que organizan actividades de turismo activo.
32. Turismo cultural. Cultura e turismo un binomio inseparable. Novas oportunidades de desenvolvemento para os territorios. Como xestionar o turismo cultural.
33. Protocolo no turismo. Rangos de ordenación. Celebración de actos.
34. Conservación e promoción do patrimonio.
35. A actividade turística en Lousame e na Ría de Muros-Noia. Estrutura do sector e datos socioeconómicos. Presente e futuro.
36. Exposicións. Deseño e montaxe.
37. Os Museos. Definición. Normativa de aplicación e organigrama do sistema museístico. Tipoloxía e funcións.
38. A protección do patrimonio cultural de Galicia e dos Camiños de Santiago: normativa reguladora. Clasificación dos bens do patrimonio cultural de Galicia. Categorías. Obrigas dos concellos de Galicia respecto dos bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia localizados no seu termo municipal.
39. Os Camiños de Santiago, cultura e sendeirismo. As rutas tematizadas.
40. Realidade turística e cultural do Concello de Lousame.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

ANEXO III: BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN A CONVOCATORIA E O PROCESO DE ESTABILIZACIÓN: TÉCNICO/A MINAS DE SAN FINX

Base Primeira: Identificación da praza obxecto de convocatoria.

Denominación	Natureza	Número	Grupo/Subgrupo	Xornada	Código RPT	Quenda/Provisión
Técnico/a Minas San Finx	Laboral Fixa Discontinua	1	II: A2	Completa	5112	Libre / Concurso-oposición (artigo 2 Lei 20/2021)

Base Segunda: Normas xerais.

É obxecto das presentes bases a regulación dos aspectos específicos da convocatoria e proceso de selección de persoal laboral fixo discontinuo, mediante o procedemento de estabilización de emprego temporal do artigo 2 da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, dentro do marco xeral de execución da Oferta Pública de Emprego Extraordinaria, aprobada por Resolución de Alcaldía núm. 267 de data 23/05/2022 e publicada no Boletín Oficial da Provincia núm. 99 do 26/05/2022.

Base Terceira: Funcións. Retribucións

As tarefas encomendadas ao posto son as seguintes, que se enumeran de forma orientativa e non exclusiva:

- As funcións a desenvolver serán as encomendadas aos museos e centros na Lei 5/2016 de Patrimonio Cultural de Galicia. Entre outras: organización e catalogación da colección, selección de pezas para exposición, elaboración do discurso expositivo, xestión dos préstamos ou depósitos en condicións de conservación e seguridade, e a dinamización e relación do museo ou centro co seu contexto territorial e social.
- Elaboración de guías e programas de visitas ás Minas de San Finx.
- Elaboración de itinerarios e deseño da ruta mineira
- Organización e programación de actividades para visitas escolares
- Deseño de carteis informativos sobre as Minas
- Elaboración do contido da cartelería dos edificios e de todos os elementos de interese presentes na ruta que parte de poboado mineiro.

As retribucións serán as fixadas no Orzamento de Lousame; en tanto non se inclúa este posto na Relación de Postos de Traballo do Concello de Lousame.

Base Cuarta: Requisitos das persoas aspirantes

As persoas aspirantes reunirán, na data na que finalice o prazo de presentación de solicitudes, a maiores do establecido nas Bases Xerais, os seguintes requisitos:

- a) Estar en posesión (ou en condicións de obtelo na data de finalización do prazo de presentación de instancias) de titulación de grado universitario/diplomado universitario nos campos da xestión cultural, patrimonial, de museos, turística ou xestión do patrimonio natural. Así deberá ter titulación universitaria relacionada directamente co ámbito da xestión de museos (Historia da Arte, Historia, Turismo, Humanidades, Belas Artes ou similares) e/ou da xestión do patrimonio natural (Bioloxía) ou equivalentes.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberase estar en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite a homologación.

- b) Acreditar o coñecemento da lingua galega mediante a posesión do título CELGA 4 ou equivalente segundo o disposto na Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega.
- c) Posuír o carné de conducir tipo B

